

Área Metropolitana de Vigo

MERCADO DE TRABALLO

**Características xerais da
poboación maior de 16 anos**

Paro rexistrado

Contratos

Sector empresarial

Anexo estatístico



Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Área Metropolitana de Vigo

MERCADO DE TRABALLO

Boletín semestral

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Vía Hispanidade, 17. C.P. 36203

Tif: 986 42 33 66

updvigo@maiv.org

www.maiv.org/upd

Equipo redactor:

Xulio Troitiño Dapena

Sonia Vila Carrizo

ABREVIATURAS E SIGNOS.....	5
FONTES.....	5
CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MAIS ANOS DE IDADE	
■ Actividade.....	6
■ Ocupación.....	7
■ Desemprego.....	8
■ Comparación das cifras de Actividade, Ocupación e Desemprego da AMV coas de Pontevedra e Galicia.....	9
PARO REXISTRADO	
■ Evolución da cifra de paro rexistrado.....	10
■ Comparación da evolución do paro rexistrado da AMV con Pontevedra e Galicia.....	11
■ Distribución do paro por sexo e idade na AMV.....	12
■ Evolución do paro por sexo na AMV.....	13
■ Evolución do paro por sexo e idade.....	14
■ Distribución porcentual do paro por sector económico	15
■ Evolución do paro por sector económico.	16
CONTRATOS	
■ Contratos rexistrados por modalidade.....	17
■ Contratos rexistrados por sectores económicos.....	18
SECTOR EMPRESARIAL	
■ Distribución e evolución do número de empresas por sector económico.....	19
■ Número de empresas por volume de empregados.....	20

ANEXO ESTATÍSTICO

■ Táboa 1. Taxas de actividade, ocupación e desemprego dos concellos da AMV, ano 2001.....	22
■ Táboa 2. Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego dos concellos da area con respecto ás globais da AMV, ano 2001.....	23
■ Táboa 3. Evolución da cifra de paro rexistrado.....	24
■ Táboa 4. Porcentaxe de variación da cifra de paro do mes comparada coa do mesmo mes do ano anterior.....	24
■ Táboa 5. Distribución do paro por sexo e idade (nº), xuño 2006.....	25
■ Táboa 6. Distribución do paro por sexo e idade (%), xuño 2006.....	25
■ Táboa 7. Evolución do paro por sexo.....	26
■ Táboa 8. Evolución do paro por sexo, menores de 25 anos.....	27
■ Táboa 9. Evolución do paro por sexo, 25 e máis anos	28
■ Táboa 10. Distribución do paro por sector económico (nº), xuño 2006.....	29
■ Táboa 11. Distribución do paro por sector económico (%), xuño 2006.....	29
■ Táboa 12. Evolución da cifra de paro por sectores económicos.....	30
■ Táboa 13. Porcentaxe de variación da cifra de paro por sector económico do mes comparada coa do mesmo mes do ano anterior.....	32
■ Táboa 14. Número de contratos rexistrados por modalidade, ano 2005	34
■ Táboa 15. Porcentaxe dos contratos rexistrados por sectores económicos, ano 2005	35
■ Táboa 16. Evolución dos contratos rexistrados por sectores económicos, ano 2005	36

■ Táboa 17. Número de empresas por sector económico.....	38
■ Táboa 18. Porcentaxe de empresas por sector económico.....	39
■ Táboa 19. Número de empresas por volume de empregados.....	40
■ Táboa 20. Número de autónomos	41
■ Táboa 21. Porcentaxe de empresas por volume de empregados.....	42
■ Táboa 22. Porcentaxe de autónomos sobre o total de empresas	43

Abreviaturas e signos

AMV: Area Metropolitana de Vigo

(Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo).

%: Porcentaxe

Nº: Número

H: Homes

M: Mulleres

T: Total

SISPE: Sistema de información dos servizos públicos de emprego

IAE: Imposto de actividades económicas

Fontes

INE: Instituto Nacional de Estadística

IGE: Instituto Galego de Estatística

SGC: Servizo Galego de Colocación


INEM: Instituto de Empleo. Servicio Público de Empleo Estatal

Observatorio ocupacional. Consellería de Traballo

Os datos estatísticos deste boletín están referidos na súa meirande parte á primeira metade do ano 2006, agás para aquela información na que o último dato publicado era anterior a esta data, na que se optou por ofrecer esa estatística.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Actividade



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A AMV ten as taxas de actividade máis altas que o conxunto da provincia e Galicia.

As taxas de actividade totais e as correspondentes a homes e mulleres do total da AMV son superiores ás da provincia de Pontevedra. Nos tres territorios as taxas de actividade feminina continúan moi por debaixo da masculina.

A **Taxa de actividade** é a porcentaxe do número de persoas activas sobre o total da poboación de 16 ou máis anos. As persoas activas son as que, nun período determinado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción.


Segundo o Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 do INE, 54,38% das persoas de 16 e máis anos de idade conformaban a poboación activa no conxunto da AMV. Esta taxa está por riba da de Pontevedra (52,69%) e Galicia (50,68%).

Atendendo á taxa de actividade segundo sexo, obsérvase tamén como os valores máis altos corresponden ós da área metropolitana. Así, o 66,67% dos homes maiores de 16 anos formaban parte da

poboación activa no 2001, mentres que en Pontevedra esta porcentaxe era do 65,44% e do 62,07% en Galicia. Con respecto as mulleres, cuxos valores están moi por debaixo dos que posúen os homes nos tres espazos analizados, as súas taxas de actividade representaba un 43,49% na AMV, máis de 23 puntos por debaixo dos homes. En Pontevedra a taxa de actividade feminina era do 41,15% e lixeiramente inferior en Galicia, cun valor do 40,33%.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Ocupación



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A taxa de ocupación das mulleres está moi por de baixo da dos homes na AMV.

35 de cada 100 mulleres exercía algunha actividade por conta propia ou allea na AMV fronte aos 60 homes nesa situación, no ano 2001. No conxunto de Pontevedra e Galicia a situación era semellante.

A **Taxa de ocupación** é a porcentaxe de persoas ocupadas sobre o total da poboación de 16 e máis anos. As persoas ocupadas son aquelas que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia nalgunha das situacións especificadas polo INE.

As taxa de ocupación no ano 2001 da AMV era do 46,66%. A diferenza entre homes e mulleres era de 24,57 puntos a favor dos homes, correspondéndolle ás mulleres un 35,01% de ocupación e un 59,58% aos homes. Os valores comentados para a AMV superaban aos de Pontevedra e Galicia, sendo a comunidade autónoma a que tiña as taxas máis baixas dos tres. A taxa total en Pontevedra era do 45,65%, mentres que en Galicia correspondíalle un valor do 44,34%.


No caso da taxa masculina, Pontevedra posuía valores semellantes aos da AMV, con 58,99% mentres que a Galicia correspondíalle unha taxa de 55,90%.

A taxa feminina era moi similar na Provincia e en Galicia, de 33,89% e 33,84%, respectivamente, algo mais de 1 punto por baixo da AMV. Destaca, novamente, a diferenza existente entre a ocupación de homes e mulleres, superando nos tres espazos analizados os 20 puntos.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Desemprego

Comparación das taxas de desemprego segundo sexo
Ano 2001



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A taxa de desemprego na AMV supera á do conxunto de Galicia.

A taxa de desemprego xeral, e as correspondentes a homes e mulleres superan ás da provincia de Pontevedra e Galicia. A taxa de paro feminina é superior á masculina na AMV e nos outros dous espazos analizados.

A **Taxa de desemprego** é a porcentaxe de desempregados sobre o total de activos. Son desempregados as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego. Tamén son desempregados os que atoparon un traballo e están a espera de incorporarse a el, sempre que verifiquen as dúas primeiras condicións.

A porcentaxe de persoas desempregadas no ano 2001 na AMV era do 14,19%. No caso galego e pontevedrés as porcentaxes de desemprego para o total da poboación eran do 12,51% e do 13,05%, respectivamente, segundo os datos do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001.

No caso das mulleres a taxa de paro era de 19,14%, na AMV, 8,51 puntos porcentuais por riba da correspondente aos homes, que representaba o 10,63%.

A taxa de paro feminina na AMV era 3 puntos superior á galega, cuns valores de 19,14% e 16,09% respectivamente. A taxa de desemprego feminina en Pontevedra era do 17,64%.

No que respecta aos homes, as diferenzas entre a AMV, Pontevedra e Galicia son menos significativas, posuíndo uns valores do 10,63%, 9,86% e 9,94%, respectivamente.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego da AMV coas de Pontevedra e Galicia

O número de persoas activas, ocupadas e desempregadas da AMV supón máis da metade do da provincia de Pontevedra, e practicamente un terzo do de Galicia.

No ano 2001 o número de persoas activas da área metropolitana de Vigo supuñan o 50,83% do total da provincia de Pontevedra e o 17,42% dos de Galicia. Para as persoas ocupadas a porcentaxe foi do 50,35% de Pontevedra e o 17,08% dos de Galicia. E para as persoas desempregadas a porcentaxe acadou o 55,28%, con respecto a Pontevedra, e o 19,76%, no que atinxe a Galicia.

No referente a mulleres e homes, as porcentaxes son moi parellas ás globais pero coa particularidade de que as porcentaxes para o sexo feminino son superiores que para o masculino (agás na comparación das cifras de actividade con Galicia), o que implica unha maior representatividade deste sector da poboación.


COMPARACIÓN DAS CIFRAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DA AMV COAS DE PONTEVEDRA E GALICIA, ANO 2001

		AMV/ Pontevedra	AMV/ Galicia
Actividade	Total	50,83%	17,42%
	Homes	50,10%	17,37%
	Mulleres	51,88%	17,48%
Ocupación	Total	50,35%	17,08%
	Homes	49,67%	17,24%
	Mulleres	50,94%	16,85%
Desemprego	Total	55,28%	19,76%
	Homes	54,03%	18,58%
	Mulleres	56,29%	20,78%

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas do 2001

PARO REXISTRADO

Evolución da cifra de paro rexistrado



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O paro rexistrado aumentou no primeiro semestre do 2006 nun 7,69%, con respecto ao mesmo semestre do ano anterior.

Os cambios producidos pola introdución do SISPE en maio de 2005, trouxeron consigo un incremento das cifras de paro rexistrado.

Paro rexistrado: total de demandas existentes o último día do mes que se atopan en situación de alta, excluindo aquelas demandas nas situacións descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985.

O número de persoas anotadas nas listas do paro ao inicio do semestre, no mes de xaneiro de 2006, foi de 36.037, fronte ás 30.986 do mes de xaneiro do ano anterior, o que representan un aumento do 16,30%, e de 5.051 persoas, en termos absolutos.


A cifra de paro foi superior ao longo dos catro primeiros meses do semestre, en relación ao ano anterior, descendendo por debaixo das cifras do 2005, unicamente nos meses de maio e xuño, en -7,50% e -7,27%, respectivamente.

Esta diferenza nas cifras de paro, débese ás modificacións introducidas no cálculo das persoas desempregadas, quedando reflectido no salto que se observa graficamente, no mes de maio do ano 2005.

Na evolución do paro rexistrado do primeiro semestre do 2006, obsérvase que a partir do mes de marzo hai unha tendencia descendente, provocada pola proximidade aos meses estivais.

PARO REXISTRADO

Comparación da evolución do paro da AMV con Pontevedra e Galicia



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O descenso do paro foi lixeiramente inferior na AMV que a nivel provincial e autonómico.

Durante o semestre o descenso do paro na AMV foi do 14,71%, mentres que en Pontevedra o descenso foi de 16,18% e do 15,25% en Galicia.

Para realizar esta comparación tomouse como base o mes de xaneiro de 2006. Deste xeito a gráfica o que representa é a porcentaxe de variación con respecto ao devandito mes

A evolución do paro rexistrado tivo un comportamento positivo ao longo do semestre analizado nos tres espazos comparados, sendo as variacións porcentuais lixeiramente superiores no caso da AMV, seguida de Galicia e, por último, Pontevedra.

Se ben, como se observa na gráfica, os descensos máis significativos, nos tres casos, prodúcense temporalmente, coincidindo cos meses máis próximos á época estival, onde, adoita diminuír a cifra de paro, de xeito xeral.


No caso da AMV, o descenso no mes de marzo con respecto ao mes de xaneiro foi de 1,44 puntos, mentres que o descenso producido entre o mes de maio e marzo foi de 7,58 puntos, e de 13,29 puntos en relación ao mes de xuño.

O descenso nos dous primeiros meses no caso da provincia, foi de 2,52 puntos e de 2,91 puntos no conxunto galego. Ao final do período, no mes de xuño, a diferenza con respecto a marzo, foi de 13,66 e 12,34 puntos, respectivamente.

PARO REXISTRADO

Distribución do paro por sexo e idade

Distribución do paro por sexo e idade na AMV
Xuño 2006



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

A media de mulleres paradas de 25 e máis anos de idade ao longo do semestre foi do 58,58%.

Ao inicio do semestre, no mes de xaneiro, esta porcentaxe era lixeiramente inferior, 57,44%, mentres que no final do período, no mes de xuño, a porcentaxe incrementouse ata o 60,21%

A **distribución do paro por sexo e idade** ensina a porcentaxe que sobre o total representa a cifra de paro para os homes ou mulleres, diferenciando entre os menores de 25 anos e os de 25 e máis anos. Cada un destes estratos poboacionais conforma un grupo homoxéneo en si e cun comportamento diferenciado.

Se temos en conta a idade, a porcentaxe de persoas paradas de menos de 25 anos, representa na AMV o 10,84% no mes de xuño do presente ano, mentres que as persoas de 25 e máis anos de idade, representaban o 89,16%.

Ao considerar o sexo das persoas paradas, obsérvase que nos dous grupos de idade, a cantidade de mulleres paradas supera á dos homes. Aínda que, esta situación é significativamente máis negativa no caso-


das mulleres de 25 e máis idade, en relación aos homes da mesma idade. Así, a diferenza con respecto aos homes, no caso das mulleres paradas de menos de 25 anos, no mes de xuño, era unicamente de 0,21 puntos, representando, respectivamente, o 5,32% e o 5,53%, das persoas paradas da AMV. Mentres, a diferenza entre ambos sexos no caso do grupo de 25 e máis anos de idade era de 32,26%, sendo a porcentaxe para os homes do 28,95% e do 61,21% para as mulleres.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sexo

Aumento das diferenzas entre porcentaxes de mulleres e homes parados.

A pesar de que a cifra absoluta de mulleres que deixaron a situación de desemprego foi maior que a dos homes, a porcentaxe de mulleres paradas continuou medrando con respecto á dos homes.



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

A cifra absoluta de mulleres paradas ao inicio do período, no mes de xaneiro, era de 23.041, mentres que no mes de xuño, esta cantidade, descendeu ata 20.204 mulleres, o que supón un descenso de 2.837 persoas.

No caso dos homes, a cantidade de parados no mes de xaneiro, era de 12.996, e de 10.531, no mes de xuño, sendo o descenso absoluto, de 2.465.


Sen embargo, a porcentaxe de mulleres que abandonou a situación de desemprego foi o 12,09%, mentres que no caso dos homes, a porcentaxe representou o 18,97%.

En calquera caso, a traxectoria do paro no global do semestre e para os dous sexos, foi significativamente positiva, tendo en conta, que esta evolución ven marcada pola estacionalidade, xa que ao final do período, sitúase o comezo da época estival, que é cando se incrementa a demanda de man de obra.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sexo e idade

Evolución do paro por sexo na AMV, menores 25 anos



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC


O grupo de persoas paradas de menos de 25 anos de idade decreceu nun 1,25%.

As persoas de menos de 25 anos pasaron de representar o 12,09% en xaneiro ao 10,84% en xuño. O descenso foi maior entre as mulleres, que pasaron de ser 2.340 en xaneiro de 2006 a 1.699 en xuño (-0,96%). O número de homes ao inicio do semestre era de 2.018 e de 1.634 ao final do mesmo (-0,28%)

O número de mulleres paradas de 25 e máis anos dobra ao de homes da mesma idade.

A pesar de que o número de homes e mulleres de 25 e máis anos, en situación de desemprego decreceu ao longo do semestre, a diferenza entre ambos sexos aumentou xa que o descenso relativo foi maior entre o colectivo masculino (18,96%) que o feminino (10,61%).

Evolución do paro por sexo na AMV, 25 e máis anos




Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

PARO REXISTRADO

Distribución porcentual do paro por sector económico

Distribución porcentual do paro por sectores económicos na AMV
Xuño 2006



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O 55,81% das persoas paradas da AMV proveñen do sector servizos.

O sector servizos foi, en xuño de 2006, o que aportou un maior número de persoas en situación de desemprego. O resto de persoas desempregadas, 44,19%, repartíanse nos restantes sectores económicos.

Para analizar a distribución do **paro rexistrado por sector económico** tívose en conta as cifras do mes de xuño de 2006, diferenciando ás persoas paradas que proveñen da agricultura/gandería, da industria, da construción, dos servizos e as que non tiveron un emprego anterior.

O sector servizos foi o que aportou un maior número de persoas paradas en xuño de 2006, chegando a acadar a cifra de 17.153 persoas e supondo o 55,81% do total.

Por detrás del estaba o sector industrial, que acadaba os 5.964 parados/as e representaba o 19,40% da cifra global de paro rexistrado.


As persoas sen emprego anterior conformaban o terceiro grupo en volume, con 4.532 persoas desempregadas, representando o 14,75%.

Encadradas no sector da construción, atopábanse 2.208 persoas desempregadas, que representaban o 7,18%.

Por último, o sector agrogandeiro aporta o 2,86% das persoas en situación de desemprego, o que comporta unha cifra de 878 persoas.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sector económico



O maior descenso no volume de persoas desocupadas, en relación ao mesmo semestre do ano anterior, prodúcese no sector da agricultura e gandería, diminuíndo nun 20,69%.

O colectivo de persoas paradas que proveñen do sector agrogandeiro foi o que experimentou o maior descenso en termos relativos (20,69%) no semestre, polo que continua a ser o sector que menos poboación parada aporta.

O seguinte sector cun maior descenso relativo foi o da construción, en 16,77%, seguido moi de cerca polo sector servizos, 16,60%. As persoas paradas do sector da industria descendieron nun 13,28%, en relación ao mesmo semestre do ano anterior. E en último lugar, os desempregados sen emprego anterior, diminuíron nun 6,25%

PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO DO MES E SECTOR ECONÓMICO CON RESPETO Á DO MESMO MES E SECTOR DO ANO ANTERIOR

Período	Agricultura/gandería	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Xan 05/ Xan 06	20,46%	16,50%	1,41%	21,32%	5,18%
Feb. 05/ Feb. 06	20,11%	15,26%	0,42%	21,35%	8,98%
Mar 05/ Mar 06	18,16%	11,57%	-1,22%	21,77%	7,30%
Abr. 05/ Abr. 06	13,36%	7,56%	-1,12%	18,86%	4,14%
Mai 05/ Mai 06	-0,96%	-11,83%	-15,26%	-5,05%	-7,86%
Xuñ 05/ Xuñ 06	1,59%	-1,65%	-7,96%	-1,06%	-11,39%

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

CONTRATOS

Contratos rexistrados por modalidade

Os datos que se presentan na táboa de **contratos rexistrados segundo a modalidade** só inclúen os contratos e as comunicacións rexistradas no ano 2005, excluindo as prórrogas e os contratos convertidos en indefinidos, posto que xa se teñen contabilizado nas tipoloxías de contratos da súa orixe.

CONTRATOS REXISTRADOS NA AMV, PONTEVEDRA E GALICIA SEGUNDO A MODALIDADE.
ANO 2005

Tipo de contrato	AMV	Pontevedra	Galicia	AMV/ Pontevedra	AMV/ Galicia
Indefinido ordinario	4.570	7.268	20.484	62,88%	22,31%
Indefinido de fomento do emprego	2.733	4.758	12.383	57,44%	22,07%
De obra ou servizo	61.525	109.988	289.043	55,94%	21,29%
Eventual por circunstancias da produción	79.186	130.793	310.463	60,54%	25,51%
Interinidade	19.024	26.442	64.453	71,95%	29,52%
En prácticas	1.656	2.621	7.174	63,18%	23,08%
Para a formación	1.882	4.699	13.184	40,05%	14,27%
Outros	4.729	8.945	36.192	52,87%	13,07%
Total contratos	175.305	295.514	753.376	59,32%	23,27%

Fonte: IGE

A contratación na AMV representou no ano 2005 máis da metade (59,32%) da realizada na Provincia de Pontevedra e case un cuarto (23,27%) da de Galicia. Así no ano 2005, a AMV acadou unha cifra de 175.305 contratos rexistrados, mentres que en Pontevedra se chegou ata os 295.514 e en Galicia ata os 753.376.


Tendo en conta a modalidade de contratación empregada, hai que dicir que o 95,83% dos contratos teñen unha nature-

za temporal, sendo as tipoloxías de contratos máis empregadas as de *eventual por circunstancias da produción* (45,17%), *obra ou servizo* (35,10%) e *interinidade* (10,85%). Mentres que no caso das contratacións fixas as modalidades empregadas foron as de *indefinito ordinario* (2,61%) e *indefinito de fomento do emprego* (1,56%).

CONTRATOS

Contratos rexistrados por sectores económicos

Distribución porcentual dos contratos rexistrados por sectores económicos na AMV
Ano 2005



Fonte: IGE

O sector servizos acaprou o 75,86% dos contratos rexistrados durante o ano 2005.

O sector servizos foi, no 2005, o que tivo un maior volume de contratacións, posto que máis das 3/4 partes dos contratos rexistrados durante o período proveñen deste sector.

Por detrás, situáronse os sectores da industria e da construción co 12,51% e co 8,83%, respectivamente.


O sector agropesqueiro, foi o que rexistrou un menor número de contratos (2,80%).

O sector da construción foi o que máis medrou durante o período 2002-2005.

Durante os anos 2002-2005 a contratación na AMV aumentou nun 5,52%, sendo o sector da construción o que experimentou un maior ascenso (12,92%). Por detrás, situáronse os sectores agropesqueiro (11,40%) e de servizos (10,64%).

O único sector que sufriu un descenso no número de contratos rexistrados foi o sector industrial, que baixou un 21,15%.

Evolución dos contratos rexistrados por sectores económicos na AMV




Fonte: IGE

SECTOR EMPRESARIAL

Distribución e evolución do número de empresas por sector económico

Distribución porcentual do número de empresas por sectores económicos na AMV
Ano 2004



Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE


O sector *Servizos* acapara o 81,07% das empresas da AMV.

O número de empresas da área situouse en 32.344 no 2004, o que supuxo un crecemento do 6,92% con respecto ao ano anterior. No número de empresas destaca sobre todo o sector *Servizos* (81,07%), seguido pola *Construción* (10,78%) e a *Industria* (8,15%).

A *Construción* foi o sector que máis medrou no número de empresas no período 2000-2004.

No período 2000-2004 o crecemento global do número de empresas foi do 16,90%. Por sectores, a *Construción* medrou un 31,03% no número de empresas, mentres que o sector *Servizos* o facía nun 15,82% e a *Industria* nun 11,36%.

Evolución do número de empresas por sectores económicos na AMV




Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

SECTOR EMPRESARIAL

Número de empresas por volume de empregados/as*

Número de empresas por volume de empregados na AMV
Ano 2004



Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

O 85,59% das sociedades da AMV son Microempresas.

O tamaño medio das empresas da área é bastantes baixo, posto que o 85,59% das mesmas non teñen máis de 6 asalariados/as, catalogándose como microempresas.

Microempresa: de 0 a 9 asalariados/as. **Pequena empresa:** de 10 a 49 asalariados/as. **Mediana empresa:** de 50 a 249 asalariados/as. **Gran empresa:** máis de 250 asalariados/as.

Considérase asalariada á persoa que participa na actividade económica a cambio dunha remuneración (en metálico ou en especie) ou dunha participación nos beneficios.

(*) Estas cifras só inclúen ás formas xurídicas societarias, excluindo aos autónomos

No ano 2003 había 32.344 empresas na área metropolitana das que 18.674 eran sociedades. Destas sociedades a maior parte (85,59%) tiña menos de 9 empregados/as e só un 0,19% das mesmas tiñan máis de 250 empregados/as, o que conforma un enramado empresarial dun tamaño reducido.

Por outro lado, a forma xurídica maioritaria das empresas da AMV é a de autónomos/as, constituíndo o 57,74% do empresariado.

NÚMERO E PORCENTAXE DE AUTÓNOMOS/AS SOBRE O TOTAL DE EMPRESAS. ANO 2004

Ano	Nº autónomos	Porcentaxe
2004	18.674	57,74%

Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

ANEXO ESTADÍSTICO

TÁBOA 1. TAXAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DOS CONCELLOS DA AMV, ANO 2001

		Baiona	Cangas	Fornelos de Montes	Gondomar	Moaña	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Actividade	Total	56,21%	53,09%	38,18%	55,85%	55,71%	54,07%	54,94%	50,08%	55,71%	56,47%	54,79%	45,49%	50,26%	54,47%
	Homes	68,93%	64,72%	56,35%	70,63%	67,08%	69,20%	70,15%	66,00%	72,31%	68,65%	72,31%	62,89%	63,57%	65,83%
	Mulleres	44,03%	41,83%	22,97%	41,73%	45,15%	39,82%	40,69%	36,71%	40,58%	45,11%	38,54%	29,55%	38,16%	44,43%
Ocupación	Total	52,20%	46,57%	25,67%	49,76%	47,69%	46,45%	50,36%	36,76%	48,35%	48,47%	49,59%	39,26%	40,13%	46,33%
	Homes	65,21%	59,12%	40,53%	65,36%	59,88%	62,57%	65,89%	51,70%	65,87%	61,87%	68,28%	56,08%	55,52%	58,23%
	Mulleres	39,74%	34,40%	13,24%	34,84%	36,38%	31,26%	35,80%	24,21%	32,39%	35,97%	32,25%	23,86%	26,15%	35,83%
Desemprego	Total	7,14%	12,29%	32,76%	10,91%	14,39%	14,10%	8,34%	26,59%	13,21%	14,17%	9,49%	13,69%	20,15%	14,93%
	Homes	5,40%	8,65%	28,09%	7,46%	10,74%	9,58%	6,07%	21,66%	8,90%	9,87%	5,56%	10,84%	12,67%	11,54%
	Mulleres	9,74%	17,76%	42,36%	16,50%	19,43%	21,49%	12,01%	34,03%	20,19%	20,27%	16,33%	19,26%	31,47%	19,37%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do censo de poboación e vivenda do 2001%

TÁBOA 2. COMPARACIÓN DAS CIFRAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DOS CONCELLOS DA ÁREA CON RESPECTO ÁS GLOBAIS DA AMV, ANO 2001

		Baiona	Cangas	Fornelos de Montes	Gondomar	Moaña	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Actividade	Total	2,50%	5,25%	0,34%	2,73%	4,11%	3,10%	3,58%	0,64%	3,55%	6,76%	1,40%	1,54%	1,13%	63,36%
	Homes	2,58%	5,42%	0,39%	2,90%	4,10%	3,31%	3,81%	0,66%	3,78%	6,82%	1,53%	1,75%	1,17%	61,77%
	Mulleres	2,39%	5,02%	0,27%	2,49%	4,13%	2,81%	3,27%	0,61%	3,23%	6,68%	1,22%	1,25%	1,08%	65,56%
Ocupación	Total	2,71%	5,37%	0,27%	2,83%	4,11%	3,10%	3,83%	0,55%	3,59%	6,76%	1,48%	1,55%	1,05%	62,81%
	Homes	2,73%	5,54%	0,32%	3,00%	4,10%	3,35%	4,00%	0,58%	3,85%	6,88%	1,62%	1,74%	1,15%	61,14%
	Mulleres	2,67%	5,11%	0,19%	2,57%	4,11%	2,73%	3,56%	0,50%	3,19%	6,58%	1,26%	1,24%	0,91%	65,38%
Desemprego	Total	1,26%	4,55%	0,78%	2,10%	4,17%	3,08%	2,11%	1,20%	3,30%	6,75%	0,94%	1,48%	1,61%	66,67%
	Homes	1,31%	4,41%	1,04%	2,03%	4,15%	2,98%	2,17%	1,35%	3,16%	6,34%	0,80%	1,78%	1,40%	67,07%
	Mulleres	1,22%	4,66%	0,59%	2,14%	4,19%	3,16%	2,05%	1,08%	3,41%	7,08%	1,04%	1,25%	1,77%	66,36%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do censo de poboación e vivenda do 2001

TÁBOA 3. EVOLUCIÓN DA CIFRA DE PARO REXISTRADO

	Baiona	Cangas	Fornelos de Montes	Gondomar	Moaña	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Xan 06	709	2.090	185	912	1.444	1.154	976	332	1.410	2.198	546	665	529	22.887
Feb 06	691	2.131	185	892	1.431	1.071	933	311	1.393	2.168	553	639	522	23.076
Mar 06	659	2.129	181	894	1.424	1.066	919	313	1.397	2.106	544	643	516	22.727
Abr 06	655	2.055	167	870	1.376	1.031	884	297	1.344	2.051	531	636	503	21.914
Mai 06	613	1.900	157	813	1.304	977	840	275	1.308	1.954	537	617	505	20.985
Xuñ 06	558	1.765	142	736	1.235	916	796	267	1.251	1.839	509	593	495	19.633

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 4. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO DO MES COMPARADA COA DO MESMO MES DO ANO ANTERIOR

	Baiona	Cangas	Fornelos de Montes	Gondomar	Moaña	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Xan 05/Xan 06	31,30%	12,31%	12,80%	24,59%	1,40%	30,84%	19,90%	15,68%	15,10%	24,89%	21,88%	17,70%	22,74%	15,28%
